

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA, S.A PARA A XESTIÓN DA RECADACIÓN DOS RECIBOS DE FACTURACIÓN EMITIDOS POLO CITADO ORGANISMO RELATIVOS A VIVENDAS E LOCAIS E NA XESTIÓN DO DEPÓSITO E DEVOLUCIÓN DE FIANZAS POR ARRENDAMENTOS DE PREDIOS URBANOS.

ANEXO I

CONTRATO DE ENCARGO DO TRATAMENTO

REUNIDOS

Dunha parte, Don Heriberto García Porto, na súa condición de director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo (en adiante, IGVS), con NIF Q6550004C e domicilio en Santiago de Compostela (A Coruña) Polígono de Fontiñas, Área Central, s/n. Para o que segue, esta parte será referida coma a RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

E, doutra parte, Don José Lino Comesaña Calvo, maior de idade con NIF 36041545Q actuando en nome e representación da entidade ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A, con domicilio social en R/Cantón Claudino Pita, nº2- Betanzos - A Coruña, e provista de NIF número A70302039, en virtude dos poderes outorgados en data catro

de xaneiro do 2010 ante o Ilustre Notario de Vigo, Don José Piñeiro Prieto, que declara encontrarse vixentes e non revogados. Para o que segue, esta parte será referida coma o ENCARGADO DO TRATAMENTO.

As partes declaran a plena vixencia das facultades coas que actúan e recoñécense capacidade legal suficiente para asinar o presente Anexo e

EXPOÑEN

I. Que o IGVS e ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. subscribiron o Convenio de Colaboración para xestionar a recadación do programa de facturación das vivendas e locais comerciais de promoción pública do IGVS e dos depósitos de fianzas do IGVS (en diante, o Convenio).

II. Que a prestación dos servizos recollidos no citado Convenio esixe o acceso por ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A. a datos de carácter persoal dos que resulta RESPONSABLE DO TRATAMENTO o IGVS.

III. Que, co fin de dar cumprimento na normativa de protección de datos persoais, as partes consenten en asinar o presente Contrato de Encargo do Tratamento, o cal comprende as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

Este Anexo ten por obxecto definir, de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, e no artigo 28 do Regulamento (UE) 2016/769, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 relativo a protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e a libre circulación deses datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (en diante, RGPD), as condicións conforme as cales o ENCARGADO DO TRATAMENTO, baixo as instrucións do RESPONSABLE DO TRATAMENTO, levará a cabo o tratamento dos datos persoais que resulten necesarios para a prestación do servizo referido no Expositivo II anterior.

O obxecto, natureza e a finalidade do tratamento dos datos que o ENCARGADO DO TRATAMENTO ha de realizar, así como o tipo de datos persoais e categorías de interesados ao que o citado tratamento se refire, son os detallados no Apéndice I do presente Anexo, así como, no seu caso, nas sucesivas actualizacións que as partes puideran acordar respecto del.

Segunda.- Obrigas do ENCARGADO DO TRATAMENTO.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO levará a cabo o tratamento dos datos persoais derivado da prestación dos servizos, de conformidade coas seguintes obrigas:

- Limitarse a realizar as actuacións que resulten necesarias para prestar ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO o servizo contratado, de acordo co establecido no Convenio.

En concreto, o ENCARGADO DO TRATAMENTO comprométese a realizar o tratamento dos datos persoais conforme ao disposto na normativa aplicable sobre protección de datos persoais. Ademais, o ENCARGADO DO TRATAMENTO obrígase a tratar os datos axustándose as instrucións que, en cada momento, lle indique o RESPONSABLE DO TRATAMENTO, inclusive con respecto as transferencias de datos persoais a un terceiro país o a unha organización internacional, salvo que estea obrigado a iso en virtude do Dereito da Unión ou dos Estaos membros que se aplique ao ENCARGADO DO TRATAMENTO. Neste último suposto, o ENCARGADO DO TRATAMENTO informará ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO desa existencia legal con carácter previo ao tratamento, salvo que tal Dereito o prohiba por razóns importantes de interese público.

Se o ENCARGADO DO TRATAMENTO considera que algunha das instrucións infrinxe o RGPD ou calquera outra disposición en materia de protección de datos da Unión ou dos Estados membros, este informará inmediatamente o RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

- Non realizar ningún outro tratamento sobre os datos persoais nin aplicar ou utilizar os datos cunha finalidade distinta á prestación do servizo obxecto do Convenio nin utilízalos con fines propios ou de terceiros.

- Garantir a formación necesaria en materia de protección de datos persoais das persoas autorizadas para tratar os datos persoais.

- Manter un rexistro, por escrito, de todas as actividades de tratamento efectuadas por conta do RESPONSABLE DO TRATAMENTO, que conteña:

a) O nome e os datos de contacto do ENCARGADO DO TRATAMENTO e do RESPONSABLE DO TRATAMENTO e, no seu caso, dos seus respectivos representantes e do delegado de protección de datos.

b) As categorías de tratamentos efectuados por conta do RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

c) Unha descrición xeral das medidas técnicas e organizativas de seguridade relativas áseudonimización e o cifrado dos datos persoais, no seu caso; á capacidade de garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e servizos do tratamento; á capacidade de restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico, e finalmente ao proceso de verificación, avaliación e valoración regulares da eficacia das medidas técnicas e organizativas para garantir a seguridade do tratamento.

- Gardar baixo o seu control e custodia os datos persoais aos que acceda con motivo da prestación do servizo e non divulgalos, transferilos, ou de calquera outra forma comunicalos, nin siquera para a súa conservación a outras persoas, salvo que conte coa autorización expresa do RESPONSABLE DO TRATAMENTO, nos supostos legalmente admisibles.

- Dar apoio ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO na realización das avaliacións de impacto relativas á protección de datos cando, conforme á normativa de protección de datos, resulte necesaria a realización de avaliacións de impacto sobre todos ou algún dos tratamentos que derivan da prestación dos servizos mencionada no Expositivo II.

- Dar apoio ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO na realización de consultas previas á autoridade de control cando, conforme á normativa de protección de datos, resulte necesaria a realización dunha consulta previa á autoridade de control sobre o tratamento de datos que impliquen os servizos obxecto de encargo ou algún aspecto relacionado co mesmo.

- Poñer a disposición do RESPONSABLE DO TRATAMENTO toda a información necesaria para demostrar o cumprimento das súas obrigas, así como permitir e colaborar na realización de auditorías ou de inspeccións que realicen o RESPONSABLE DO TRATAMENTO ou o auditor autorizado por el.

Terceira.- Seguridade dos datos persoais.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO implantará as medidas de seguridade e mecanismos establecidos no artigo 32 do RGPD para:

- Garantir a confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e resiliencia permanentes dos sistemas e dos servizos do tratamento.

- Restaurar a dispoñibilidade e o acceso aos datos persoais de forma rápida, en caso de incidente físico ou técnico.

- Verificar, avaliar e valorar, de forma regular, a eficacia das medidas técnicas e organizativas implantadas para garantir a seguridade do tratamento.

- Seudonimizar e cifrar os datos persoais, no seu caso.

Ademais, o ENCARGADO DO TRATAMENTO manifesta que ten implantadas as medidas técnicas e organizativas que resultan necesarias para garantir un nivel de seguridade adecuado, tendo en conta o estado da técnica e o custo da súa aplicación con respecto aos riscos e a natureza dos datos persoais que deban protexerse.

Cuarta.- Notificación das violacións de seguridade dos datos.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO deberá notificar ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO as violacións de seguridade dos datos persoais ao seu cargo das que teña coñecemento.

A notificación da violación de seguridade por parte do ENCARGADO DO TRATAMENTO levarase a cabo sen dilación indebida e, en todo caso, no prazo máximo de corenta e oito (48) horas, a contar desde que tivo coñecemento da mesma, aplicando o nivel de dilixencia esixible a un ordenado empresario.

Nesta notificación, e se dispón dela, o ENCARGADO DO TRATAMENTO facilitará a información seguinte:

- Descrición da natureza da violación de seguridade dos datos persoais, incluíndo, cando sexa posible, as categorías e o número aproximado de interesados afectados, e as categorías e o número aproximado de rexistros de datos persoais afectados.
- O nome e os datos de contacto do delegado de protección de datos ou doutro punto de contacto no se que poda obter máis información.
- Descrición das posibles consecuencias da violación da seguridade dos datos persoais.
- Descrición das medidas adoptadas ou propostas para poñer remedio á violación de seguridade dos datos persoais, incluíndo, se procede, as medidas adoptadas para mitigar os posibles efectos negativos.
- Toda aquela outra información que resulte relevante para o coñecemento da violación de seguridade, os efectos sobre os dereitos e liberdades das persoas, así como para cumprir co deber de notificación aos interesados e ao organismo regulador que a normativa de protección de datos impoña ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

Se non fose posible facilitar a información simultaneamente coa notificación, e na medida en que non o sexa, a información facilitarase ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO de maneira gradual.

Quinta.- Deber de confidencialidade.

O deber de segredo e confidencialidade que se deriva do presente Anexo obriga ao ENCARGADO DO TRATAMENTO durante a súa vixencia e perdurará indefinidamente no tempo unha vez finalizada a relación co RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO garantirá que as persoas autorizadas a tratar os datos persoais se comprometan, de forma expresa e por escrito, a respectar a confidencialidade e a cumprir as medidas de seguridade correspondentes, das que o RESPONSABLE DO TRATAMENTO informará convenientemente.

Sexta.- Deber de información.

Corresponde ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO facilitar o dereito de información no momento de recollida dos datos.

Sétima.- Obriga de destrución dos datos.

Unha vez cumprida a correspondente prestación dos servizos obxecto do Convenio, o ENCARGADO DO TRATAMENTO comprométese a destruír aquela información que conteña datos de carácter persoal a que accedesen con motivo da prestación dos servizos. Para iso, aplicará as medidas físicas e lóxicas que resulten adecuadas para garantir que os datos incorporados aos distintos soportes son irrecuperables.

Unha vez destruídos, a petición do RESPONSABLE DO TRATAMENTO, o ENCARGADO DO TRATAMENTO emitirá unha certificación de destrución ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO onde se relacionará a información, soportes físicos e documentación destruída.

Non obstante o previsto no parágrafo anterior, o ENCARGADO DO TRATAMENTO poderá conservar os datos e información tratada, debidamente bloqueados, no caso

que puideran derivarse responsabilidades da súa relación co RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

Transcorrido o prazo de prescrición das accións que motivaron a conservación dos datos, o ENCARGADO DO TRATAMENTO procederá a súa destrución do modo exposto en parágrafos anteriores.

Oitava.- Subcontratación.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO non poderá subcontratar ningunha das prestacións que formen parte do obxecto do Convenio que comporten o tratamento de datos persoais, salvo aqueles servizos auxiliares necesarios para o normal funcionamento do servizo prestado polo ENCARGADO DO TRATAMENTO.

Non obstante, se fose necesario subcontratar algunha(s) das citadas prestacións que comporten o tratamento dos datos, o ENCARGADO DO TRATAMENTO deberá comunicalo por escrito ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO, indicando de forma clara e inequívoca a empresa subcontratista, os seus datos de contacto e, no caso de que a subcontratación comportase a transferencia internacional dos datos, o amparo legal que permite tal transferencia.

Con carácter previo a calquera actividade de tratamento por parte do subcontratista, o RESPONSABLE DO TRATAMENTO terá un prazo de quince (15) días para opoñerse á subcontratación baseándose nalgún dos seguintes motivos:

- A falta de cumprimento por parte do subcontratista da normativa de protección de datos ou das obrigas de confidencialidade e seguridade impostas pola normativa sectorial financeira ou aseguradora, en caso de que estas últimas resulten de aplicación ao servizo subcontratado.

- A falta de adecuación das medidas de seguridade técnicas, legais ou organizativas ao nivel de risco que para os dereitos e liberdades das persoas supoñen os tratamentos que derivan ou forman parte do servizo subcontratado.

- A incapacidade ou existencia de dúbidas razoables sobre a capacidade do subcontratista para dar debido cumprimento á normativa de protección de datos ou das obrigas de confidencialidade e seguridade impostas pola normativa sectorial financeira ou aseguradora, no caso de que estas últimas resulten de aplicación ó servizo contratado.

- A incapacidade ou existencia de dúbidas razoables sobre a capacidade do subcontratista para dar debido cumprimento a calquera outra normativa que resulte de aplicación ó servizo subcontratado, ou ben para alcanzar os niveis de servizo esixidos polo RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

Transcorrido o prazo de quince (15) días anteriormente referido sen que o RESPONSABLE DO TRATAMENTO manifestase ó ENCARGADO DO TRATAMENTO a súa oposición, entenderase que o RESPONSABLE DO TRATAMENTO autoriza a subcontratación comunicada polo ENCARGADO DO TRATAMENTO.

En caso de autorización, o subcontratista, quen tamén terá a condición de encargado do tratamento, virá igualmente suxeito ao cumprimento das obrigas establecidas neste documento respecto do ENCARGADO DO TRATAMENTO, así coma das instrucións que dite o RESPONSABLE DO TRATAMENTO. Corresponderá ao ENCARGADO DO TRATAMENTO regular a pertinente relación cos subcontratistas, de conformidade co artigo 28 do RGPD, de forma que cada subcontratista, na súa condición de novo encargado do tratamento, quede suxeito as mesmas condicións (instrucións, obrigas, medidas de seguridade, etc.) e cos mesmos requisitos formais que o ENCARGADO DO TRATAMENTO, no referente ao adecuado tratamento dos datos persoais e a garantía dos dereitos das persoas afectadas.

No caso de incumprimento por parte do novo encargado, o ENCARGADO DO TRATAMENTO inicial seguirá sendo plenamente responsable ante o RESPONSABLE DO TRATAMENTO no referente ao cumprimento das obrigas.

Novena.- Dereitos das persoas interesadas.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO asistirá ó RESPONSABLE DO TRATAMENTO na resposta ao exercicio dos dereitos das persoas interesadas (dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento, portabilidade dos datos e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas).

Neste senso, o ENCARGADO DO TRATAMENTO dará traslado da correspondente solicitude de forma inmediata ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO e, a máis tardar, dentro do prazo de cinco (5) días hábiles a contar desde a súa recepción, para que o RESPONSABLE DO TRATAMENTO resolva debidamente a citada solicitude.

Décima.- Obrigas do RESPONSABLE DO TRATAMENTO.

Corresponden ao RESPONSABLE DO TRATAMENTO as seguintes obrigas:

- Permitir ao ENCARGADO DO TRATAMENTO o acceso aos datos obxecto do tratamento de conformidade co establecido no presente Anexo.
- Realizar a análise de riscos que poidan derivar da actividade de tratamento que é obxecto do encargo e, con base en tal análise, indicar ao ENCARGADO DO TRATAMENTO as medidas técnicas e organizativas que deberá implementar para a prestación do servizo que comporta o encargo do tratamento.
- Realizar, se fora necesario, unha avaliación do impacto na protección dos datos persoais das operacións de tratamento a realizar polo ENCARGADO DO TRATAMENTO.
- Realizar, á autoridade de control, as consultas previas que correspondan.

- Velar, de forma previa e durante todo o tratamento, polo cumprimento do RGPD por parte do ENCARGADO DO TRATAMENTO.

Décimo primeira.- Responsabilidades.

O ENCARGADO DO TRATAMENTO comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no presente Anexo e na normativa vixente, en relación co presente encargo do tratamento.

De conformidade co establecido no artigo 28.10 do RGPD e na normativa de protección de datos, si o ENCARGADO DO TRATAMENTO infrinxe o establecido no RGPD ao determinar os fins e medios do tratamento, considerarase responsable do tratamento con respecto a dito tratamento.

Décimo segunda.- Información aos asinantes, apoderados e/ou representantes e persoas de contacto.

Cada unha das Partes tratará os datos persoais dos asinantes, apoderados e/ou representantes, así como das persoas de contacto que poidan ser facilitados á outra Parte, coa finalidade de xestionar e cumprir coa relación contractual establecida. A estes efectos, cada unha das Partes, con carácter previo a facilitar os datos, deberá informar ás referidas persoas físicas dos extremos contidos nesta Cláusula. A base xurídica para o tratamento de tales datos atópase no interés lexítimo das Partes en garantir o correcto desenvolvemento e a execución da relación contractual.

Asemade, informase que os datos dos asinantes, así como os datos do persoal requiridos para a prestación do servizo obxecto do presente Contrato poderán ser comunicados, no seu caso, á Axencia Tributaria e demais Administracións Públicas, nos termos establecidos na normativa vixente, exclusivamente no caso de que dita comunicación de datos resulte precisa e/ou en cumprimento de obrigacións legais aplicables ás Partes.

Os referidos datos persoais conservaranse durante a vixencia da relación contractual e posteriormente, sempre que non se exercitara o dereito de supresión, durante os prazos legais que resulten de aplicación. En concreto, os datos persoais que sirvan como xustificante da relación contractual establecida e/ou do cumprimento de obrigacións legais derivadas da mesma, serán conservados, debidamente bloqueados, durante os prazos de conservación que impoña a normativa aplicable, así como durante os prazos de prescrición das accións civís, penais, administrativas ou de calquera outro tipo que puideran derivarse da relación contractual.

Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade dirixíndose a cada unha das Partes, mediante petición escrita indicando a referencia “Protección de datos”, acompañada do seu DNI ou documento acreditativo da súa identidade equivalente nas seguintes direccións:

DIRECCIÓN XERAL DO IGVS	ABANCA CORPORACION BANCARIA, S.A.
Dirección electrónica: dx.igvs@xunta.gal	Dirección electrónica: privacidad@abanca.com

Asemade, informase aos interesados de que poden presentar calquera reclamación ou solicitude relacionada coa protección dos seus datos persoais ante la Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es) no caso de considerar vulnerados os seus dereitos.

Décimo terceira.- Datos relativos a persoas xurídicas.

As estipulacións do presente Contrato aplicaranse, ademais de aos datos das persoas físicas, tamén aos datos relativos ás persoas xurídicas aos que o ENCARGADO DO TRATAMENTO acceda con motivo da prestación do servizo, coa única salvedade de que se entenderán feitas a “datos das persoas xurídicas” todas as referencias que no texto de ditas estipulacións se efectúen a “datos”, “datos persoais” ou “datos de carácter persoal”.

Décimo cuarta.- Entrada en vigor.

O presente Anexo entrará en vigor na data da súa sinatura e estará vixente ata a data de terminación da relación de prestación do servizo por parte do ENCARGADO DO TRATAMENTO a favor do RESPONSABLE DO TRATAMENTO, excepto para aquelas obrigas, derivadas da relación contractual ou da Lei, cuxos efectos deban prolongarse unha vez finalizada a relación de prestación do servizo.

E en proba de conformidade con canto antecede e con vontade de obrigarse, as partes asinan o presente documento na data da sinatura electrónica.

Heriberto García Porto

José Lino Comesaña Calvo

O RESPONSABLE DO TRATAMENTO

O ENCARGADO DO TRATAMENTO



APÉNDICE I

DATOS OBJETO DE TRATAMENTO

DESCRICIÓN DO SERVIZO	Prestación de servizos financeiros consistentes en xestionar a recadación e/ou devolución por parte das persoas obrigadas dos: (i) recibos de vivendas de promoción pública adxudicadas; (ii) recibos de locais comerciais; e (iii) ingresos dos depósitos e devolucions das cancelacións das fianzas depositadas en cumprimento dunha obriga legal.
TRATAMENTO A REALIZAR	(*) Recollida () Rexistro () Estruturación () Modificación (*) Conservación () Extracción (*) Consulta (*) Comunicación por transmisión () Difusión (*) Interconexión (*) Cotexo



	<input type="checkbox"/> Limitación <input type="checkbox"/> Supresión <input type="checkbox"/> Destrución <input type="checkbox"/> Conservación <input type="checkbox"/> Outros:
FINALIDADE DO TRATAMENTO	<input checked="" type="checkbox"/> Recadación e/ou devolución de recibos
TIPO DE DATOS	<input checked="" type="checkbox"/> Datos de carácter identificativo <input type="checkbox"/> Características persoais <input type="checkbox"/> Académicos y profesionais <input type="checkbox"/> Circunstancias sociais <input type="checkbox"/> Detalles de emprego <input type="checkbox"/> Económicos, financeiros ou de seguros <input type="checkbox"/> Transaccións de bens ou servizos <input type="checkbox"/> Outros:
CATEGORÍAS DE PERSOAS INTERESADAS	<input type="checkbox"/> Clientes e usuarios <input checked="" type="checkbox"/> Propietarios ou arrendatarios <input type="checkbox"/> Persoas de contacto <input type="checkbox"/> Representante legal <input type="checkbox"/> Solicitantes

	<p><input type="checkbox"/> Beneficiarios</p> <p><input type="checkbox"/> Outros:</p>
--	---

(Documento con data de sinatura electrónica de 28 de xullo de 2021)